

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Claustro Universitario na súa sesión do 2 de decembro de 2020, aprobou o *Plan de Accións de Normalización Lingüística 2020-2022*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PLAN DE ACCIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2020-2022



ÍNDICE

1. LIMIAR	2
2. ANTECEDENTES	4
3. PLAN DE ACCIÓN	5
3.1. Xestión	5
3.2. Docencia	8
3.3. Investigación	11
3.4. Proxección	13
4. LISTAXE DE SIGLAS	14

1. LIMIAR

O anterior Plan de Normalización Lingüística (PNL) cubría o período 2001-2010, polo que hai xa moito tempo que deixou de estar en vigor e cumpría actualizalo.

Por outra parte, na Programación Plurianual aprobada polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019 sinálase dentro do eixe 3 (“Poñerse ao servizo da sociedade”), a liña 3.2 (“Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos”), que incluía a seguinte acción 3.2.1:

OBXECTIVO. AVALIAR A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA USC E DEFINIR NOVAS ACTUACIÓNS

ACCIÓN 3.2.1	RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
Elaboración, posta en marcha e avaliación dun novo plan de normalización lingüística que, unha vez aprobado polo Claustro, guíe a política lingüística da institución. Inclúe a tarefa dun estudo da realidade sociolingüística da USC.	VPTS	01/02/19	30/12/19
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	01. Plan de Normalización Lingüística 02. Informe de avaliación 03. Estudo sociolingüístico		

Por mor de lle dar cumprimento a ese obxectivo, preséntase este **Plan de Accións de Normalización Lingüística** para o período 2020-2022 que consta de 27 accións distribuídas en catro bloques: *Xestión, Docencia, Investigación e Proxección*.

Cada unha delas recolle a entidade ou entidades que terá a responsabilidade de levala a cabo e unha data de inicio e unha de remate. Inclúe tamén unha serie de indicadores e evidencias que permitirán facer o necesario seguimento e a avaliación posterior.

Todo o conxunto de medidas que conforman este Plan foron redactadas tendo moi presentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU, e moi especialmente o número 4, “Ensino de calidade”.

Se cadra o reducido ámbito temporal deste Plan, así como o contido número de medidas que recolle, apenas vinte e sete, poida resultar sorprendente; pero a Comisión de Normalización Lingüística do Claustro, responsable da súa elaboración, chegou axiña á conclusión de que era preferible redactar un plan limitado no tempo e no número de accións propostas para potenciar a súa axilidade e viabilidade.

Trátase polo tanto dun Plan que non resulta extenso no contido nin no prazo de execución, pero que non por iso é menos ambicioso, xa que pretende nos seus dous anos de vixencia propiciar un salto cualitativo na extensión do uso da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela.

Como complemento ao recollido neste Plan, que pola súa propia definición busca convencer, incentivar e propoñer, contarase axiña cun Regulamento de Usos Lingüísticos (é a primeira medida do ámbito de Xestión) que estableza de forma clara os dereitos individuais de todos os membros da comunidade universitaria e conxugue os dereitos individuais cos colectivos e as obrigas institucionais con todos eses dereitos.

A normalización da lingua na Universidade require plans, medidas de regulación e de promoción, accións de dinamización, incentivos, formación lingüística, terminolóxica, axudas tecnolóxicas como tradutores e correctores ortográficos, análises sociolingüísticas... pero, a fin de contas, e máis aló de todos estes artefactos, son dous os factores verdadeiramente decisivos: por un lado, a vontade das autoridades académicas, e, polo outro, o compromiso unánime de todos os membros da comunidade universitaria. Porque a normalización da lingua é sempre, en definitiva e en última instancia, unha decisión persoal.

2. ANTECEDENTES

Ademais de actuacións de anos anteriores, ao longo do ano 2019 leváronse a cabo diversas accións encamiñadas a recoller información para realizar un diagnóstico actualizado da situación do idioma galego en todos os ámbitos da comunidade universitaria. De xeito específico, as tarefas realizadas ata chegar a este borrador do Plan de Accións de Normalización Lingüística (2020-2022) foron:

- Propostas realizadas na Comisión de Normalización Lingüística do Claustro.
- Análise dos resultados do anterior Plan de Normalización Lingüística, monitorizando o impacto das diversas medidas que recollía. Esta análise plasmouse no documento “Bases para a elaboración do novo Plan de Normalización Lingüística da USC” que foi discutido na Comisión de Normalización Lingüística do Claustro (marzo 2019).
- Achegas das comisións de normalización lingüística dos centros, a partir das “Bases para a elaboración do novo Plan...”.
- Xornadas “As linguas e a USC” de reflexión sobre a política lingüística desta institución: docencia (26/11/2018), investigación, comunicación, administración e servizos (07/10/2019).
- Un primeiro adianto dos principais resultados dun estudo sociolingüístico na USC realizado a finais de 2019, en relación co alumnado e co PAS.
- Os datos anuais de usos lingüísticos na docencia, nas teses, TFG e TFM.

Tivéronse en conta tamén os estudos xerais sobre o coñecemento, uso e actitudes da poboación levados a cabo pola Real Academia Galega ou o Instituto Galego de Estatística.

3. PLAN DE ACCIÓNS

3.1. Xestión

ACCIÓN 1.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Actualizar a normativa lingüística.</p> <p><i>Actualizar o regulamento de uso do galego e convertelo nun regulamento de usos lingüísticos, que, entre outros aspectos, estableza a oferta positiva nos usos cara á cidadanía (comezar sempre en galego), a seguridade lingüística para o alumnado (información sobre usos lingüísticos na guía docente) e incluír un sistema de seguimento e avaliación regular, que permita a corrección das deficiencias que se detecten.</i></p> <p><i>Complementariamente, contará cun plan de difusión, comunicación, concienciación e formación.</i></p>	SNL Consello de Goberno	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Novo regulamento Actividades de difusión e comunicación Actividades de concienciación e formación		
ACCIÓN 1.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Reformular o SNL.</p> <p><i>Dotar o SNL dos recursos humanos necesarios para cumprir os obxectivos marcados nas diversas planificación e apoiar a súa reorganización. Dotar de procedementos de mellora da calidade os servizos do SNL e orientalos aos usuarios/as.</i></p>	Xerencia SNL	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Carta de servizos Dotación de recursos humanos e reorganización do Servizo		
ACCIÓN 1.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Mellorar o funcionamento das comisións de normalización lingüística dos centros.</p> <p><i>Mellorar a definición das comisións de normalización lingüística dos centros e o coñecemento das súas funcións. Fomentar o intercambio e a coordinación entre as comisións.</i></p>	VPTS SNL	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Regulamento marco Sistematización das función das CNL Repositorio común actividades		

ACCIÓN 1.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Incentivar as boas prácticas realizadas dende as titulacións a través das CNL.	SNL VPTS	2021	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Especificación no orzamento descentralizado Número de boas prácticas			
ACCIÓN 1.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Consolidar a racionalización da selección do PAS en canto ás competencias lingüísticas en galego. <i>Incorporar na RPT de PAS os perfís de competencia lingüística que xa se están requirindo nos procesos selectivos. Mellorar e harmonizar os baremos de méritos para a provisión de postos de persoal funcionario e laboral, en relación coas competencias en galego.</i>	Xerencia	2020	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Perfís de competencia lingüística RPT PAS Mellora dos baremos de méritos para a provisión de postos, en relación coas competencias en galego			
ACCIÓN 1.6	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Garantir que as principais ferramentas dixitais da USC estean dispoñibles en galego. <i>Garantir que as ferramentas informáticas de uso corporativo estean en galego e coa debida calidade lingüística, e que, de ser posible, incorporen funcionalidades que faciliten o seu uso. Procurar a galeguización dos restantes produtos de software, non corporativo, máis empregados na USC que non teñan versión en galego.</i>	VPTS	2020	2021
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Instalación de software básico en galego nos ordenadores e móbiles corporativos Versión en galego das aplicacións corporativas Integración e/ou mellora no acceso a ferramentas lingüísticas xa existentes (corrector, tradutor automático, bUSCatermos etc.) Número de produtos de software galeguizados			
ACCIÓN 1.7	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Garantir o emprego do galego na sinalética. <i>Verificar que a sinalética dos edificios e dos servizos da USC, incluídos os prestados mediante concesión, estea en galego (tanto ao ámbito físico como na rede).</i>	Reitor Xerencia	2021	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Novos sinais nos edificios e dependencias Presenza nas redes Documentos en liña			

ACCIÓN 1.8	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Definir un cronograma de accións para difusión e implementación do .gal	VPTS VICS	2020	2021
<i>Unha vez que remate o proceso técnico de adaptación, informar sobre a adopción do .gal nos correos electrónicos individuais, elaborar e aprobar normas sobre emprego do .gal, e adaptar as imaxes corporativas, de ser o caso.</i>	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Implantación definitiva e completa do .gal		
ACCIÓN 1.9	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Manter a colaboración coas unidades de formación de PDI e PAS para integrar unha perspectiva e contidos normalizadores nos seus programas formativos.	SNL PFID Servizo de Formación de PAS	2020	2021
<i>Os plans de formación para ambos os dous colectivos inclúen desde hai anos formación en contidos e habilidades lingüísticas; pero tamén é importante que exista unha perspectiva de promoción da lingua manifestada en aspectos como a lingua vehicular da formación, a imaxe que se transmite do multilingüismo e da diversidade lingüística etc.</i>	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Accións formativas con contido normalizador		
ACCIÓN 1.10	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Ofrecer un plan especial de asesoramento lingüístico-terminolóxico, formación e dotación e elaboración de recursos ao profesorado e ao PAS de nova incorporación, se é posible integrado nun programa de acollida e presentación da Universidade.	SNL PFID Programa de Formación de PAS ATIC CLM	2021	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Materiais elaborados		

3.2. Docencia

ACCIÓN 2.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Definir perfís lingüísticos para prazas de PDI.</p> <p><i>Definir perfís lingüísticos mediante un compromiso formativo en novas prazas de profesorado de áreas de coñecemento cun desempeño do galego na docencia inferior ao 10 %</i></p> <p><i>Definir perfís de docencia en galego para as prazas e contratacións de profesorado</i></p> <p>a) <i>nos departamentos que se encarguen da docencia maioritaria das titulacións cuxo uso do galego está por debaixo do 10 % (é dicir, tómase como referencia o uso do galego na titulación, e aféctalles aos departamentos que se encargan maioritariamente da docencia desa titulación)</i></p> <p>OU</p> <p>b) <i>nos departamentos cuxo uso do galego na docencia encomendada está por debaixo do 10 % (é dicir, tómase como referencia o uso do galego do departamento).</i></p> <p><i>En todos os casos, a base serán os datos de uso do galego na docencia fornecidos en XesCampus a partir dos POD e PDA.</i></p>	VP	2021	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Convocatorias de profesorado Desempeño do galego nas áreas			
ACCIÓN 2.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Recoñecer a actividade docente en galego.</p> <p><i>Recoñecer o labor do profesorado que imparte docencia en galego un mínimo de tres anos consecutivos, así como o daquel que elabora materiais didácticos en galego. Para iso cómpre mellorar o sistema de recollida de datos lingüísticos docentes, para facelo máis fiable, e elaborar un procedemento para o recoñecemento.</i></p>	VOA VPTS ACMP SNL	2021	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Directrices de PDA e POD Datos lingüísticos sobre docencia			

ACCIÓN 2.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Elaborar un plan de seguridade lingüística para a docencia.</p> <p><i>Incluír nas directrices de elaboración das planificación académicas polos departamentos a cuestión dos usos lingüísticos na docencia dos graos e advertir da súa oficialidade e consecuencias. Mellorar a información sobre as linguas da docencia dos graos. Contrastar os datos lingüísticos recollidos no POD. Habilitar mecanismos de control e corrección das discordancias entre o POD-oferta académica e a realidade lingüística docente. Dar a coñecer os mecanismos existentes ou habilitar un sistema específico de queixas para o alumnado sobre as discordancias que poidan producirse entre a oferta académica e a realidade no que se refire ás linguas da docencia.</i></p>	VOA VC Secretaría Xeral	2020	2021
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Directrices de planificación académica Mecanismos de contraste, control e corrección Directrices lingüísticas para os exames			
ACCIÓN 2.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Mellorar a definición das competencias lingüísticas nos títulos de grao e facilitar a súa adquisición.</p> <p><i>Naquelas titulacións cun uso do galego superior ao 75 % acreditar no SET a competencia bilingüe ou plurilingüe (de se usar outro idioma vehicular de xeito oficial) mediante itinerarios para aquel alumnado que se adapte totalmente aos usos lingüísticos docentes (proposta da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística)</i></p>	VTCI VOA Secretaría Xeral	2020	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Indicación das competencias lingüísticas nas memorias dos títulos de grao Definición de itinerarios lingüísticos nas titulacións con máis do 75 % de docencia en galego Acreditación das competencias bilingües no SET			
ACCIÓN 2.5	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Activar plans de dinamización e formación para o alumnado.</p> <p><i>Poñer en marcha campañas específicas para alumnado de 1º curso naqueles centros con menor uso do galego enfocadas a minguar prexuízos lingüísticos, ofrecer información sobre dereitos lingüísticos, produtos, recursos e servizos para</i></p>	SNL CNL VEPI	2020	2022
INDICADORES/EVIDENCIAS			
Plan dirixido a estudantes de 1º curso Plan dirixido a estudantes internacionais			

<p><i>apoiar o seu uso do galego, e, en xeral, ofrecerlles un ambiente propicio.</i></p> <p><i>Aprobar un plan de acollida lingüística (sensibilización e formación integrada no seu currículo) para o alumnado procedente de fóra de Galicia, integrado na acollida xeral da USC, e que conte tamén con actuacións de sensibilización e formación de cara aos axentes de acollida.</i></p>			
ACCIÓN 2.6	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Consolidar o uso do galego nas actividades de captación do alumnado da USC, nomeadamente no programa A Ponte.</p> <p><i>Cooperar co programa A Ponte, e con calquera outra iniciativa de captación de alumnado que desenvolva a USC, para:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <i>que todas as actividades que realizan en Galicia se desenvolvan en galego;</i> <i>que transmitan unha imaxe da USC como espazo diverso, receptivo ao multilingüismo e comprometido coa lingua galega.</i> 	Programa A Ponte	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Documentación e sitio web d'A Ponte Cuestionarios de valoración de cada actuación		
ACCIÓN 2.7	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Promover o galego como lingua dos actos de benvida de comezo de curso.</p> <p><i>Converter o galego na lingua de comunicación (escrita e oral) dos actos de benvida que os diferentes centros da USC realizan a comezo de curso para o alumnado de novo ingreso.</i></p>	Direccións de centros	2020	2022
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Os actos de benvida Material que se ofrece ao alumnado		
ACCIÓN 2.8	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Elaborar materiais útiles para a comunidade universitaria e tamén para a sociedade en xeral, especialmente para a educación secundaria, que constitúe a base do ensino universitario.</p> <p><i>Continuar coas liñas de traballo iniciadas coas coleccións de Unidades Didácticas, Vídeos Didácticos e Esenciais.</i></p>	SNL	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Materiais elaborados		

ACCIÓN 2.9	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Potenciar a visibilidade do PDI especialista que teña como lingua vehicular o galego.</p> <p><i>Facelo de modo que esa visibilidade se proxecte cara ao exterior pero tamén cara ao interior da comunidade universitaria, sobre todo dirixida ao alumnado.</i></p>	VC	2020	2022
	<p>INDICADORES/EVIDENCIAS</p> <p>Novas nos medios de comunicación</p>		
ACCIÓN 2.10	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Promover o coñecemento previo da realidade lingüística da Comunidade Autónoma e da USC entre o alumnado de intercambio ou procedente de fóra da Comunidade e que aspira a cursar estudos na USC.</p>	VEPI VTCI	2021	2022
	<p>INDICADORES/EVIDENCIAS</p> <p>Materiais elaborados</p>		

3.3. Investigación

ACCIÓN 3.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Fomentar o uso do galego na transferencia dos resultados da investigación á sociedade.</p> <p><i>Iniciar un proxecto piloto para o fomento do uso do galego nos servizos de transferencia que prestan os equipos e servizos de investigación da USC ás empresas e á sociedade galega.</i></p>	VII RIAIDT AVTE	2020	2022
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Convenios, informes ou servizos baixo a nova modalidade lingüística Proxecto piloto		
ACCIÓN 3.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Visibilizar os TFM, teses e produción científica en galego, aproveitando as vantaxes da publicación en aberto.</p>	Biblioteca	2020	2022
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Portal de investigación Nº rexistro en galego en Minerva		
ACCIÓN 3.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
<p>Mellorar o impacto das publicacións científicas en galego.</p> <p><i>Axudar a que as publicacións científicas en galego, especialmente das áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas, e Humanidades, teñan maior visibilidade e impacto, para superar as limitacións que ocasiona nestes eidos a referencia a indicadores internacionais na avaliación das publicacións.</i></p>	VII VPTS	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Conexión con DIALNET vs Portal Investigación Actualización na xestión das revistas da USC		

3.4. Proxección

ACCIÓN 4.1	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Promover o galego nas accións da USC destinadas a estimular vocacións científicas. <i>Desenvolver preferentemente en galego a comunicación e as actividades de estímulo de vocacións científicas que promova a USC e toda a comunicación pública que se vincula con elas.</i>	VTCI	2020	2021
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Documentación e sitios web das actuacións Cuestionarios de valoración de cada actuación		
ACCIÓN 4.2	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Implicar a cidadanía na participación de actividades en prol do noso patrimonio lingüístico.	VPTS	2020	2022
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades de micromecenado		
ACCIÓN 4.3	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Visualizar e internacionalizar o emprego do galego no eido da investigación. <i>Solicitar a adhesión á Iniciativa Helsinki sobre multilingüismo na comunicación científica. Incluír medidas reguladoras sobre o uso do galego no Regulamento dos Estudos de Doutoramento.</i>	VPTS	2020	2020
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Adhesión á Helsinki sobre o multilingüismo na comunicación científica Regulamento dos Estudos de Doutoramento		
ACCIÓN 4.4	RESPONSABLE	INICIO	REMATE
Potenciar o galego como lingua vehicular da divulgación científica.	VPTS VII	2020	2022
	INDICADORES/EVIDENCIAS		
	Actividades de divulgación Feiras de titulacións nos concellos		

4. LISTAXE DE SIGLAS

ACMP:	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
AVTE:	Área de Valorización Transferencia e Emprendemento
CLM:	Centro de Linguas Modernas
CNL:	Comisión de Normalización Lingüística
PAS:	Persoal de Administracións e Servizos
PDA:	Plan Docente Anual
PDI:	Persoal Docente e Investigador
POD:	Plan Organizativo Docente
PFID:	Programa de Formación e Innovación Docente
PNL:	Plan de Normalización Lingüística
RIAIDT:	Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico
RR.HH:	Recursos Humanos
SET:	Suplemento Europeo ao Título
SNL:	Servizo de Normalización Lingüística
VC:	Vicerreitoría de Calidade
VEPI:	Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional
VICS:	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos
VII:	Vicerreitoría de Investigación e Innovación
VOA:	Vicerreitoría de Organización Académica
VP:	Vicerreitoría de Profesorado
VPTS:	Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade
VTCI:	Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/12/2020 11:04:25.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/12/2020 13:29:06.

CSV: F739-305D-4989-92BD